

## 23 de ABRIL DE 2016: DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO.

O pasado mércores, 20 de abril, conmemoramos o **DÍA DO LIBRO**, na memoria do insigne escritor de fama internacional Don Miguel de Cervantes Saavedra, de quen celebramos o 400 aniversario do seu pasamento.



Como en cursos anteriores homenaxeamos a un autor relacionado co Concello de Valdoviño, neste caso pola súa orixe familiar,

### **Don Mario Caneiro Ameneiros.**

Con tal motivo se organizaron no centro **diferentes actividades** arredor deste evento. O **alumnado de P.D.C.** baixo a dirección da súa profesora **Eva Couce** coa colaboración de **Juan Ramón Alonso**, preparou unha presentación sobre o Día do Libro e sobre a figura e a obra de Mario Caneiro que se presentou a todos os niveis de Secundaria. Posteriormente sería o **propio autor** quen se dirixiría aos presentes, adicándolles unhas **palabras cargadas de emoción e agradecemento**.

Paralelamente, o **alumnado de Educación Infantil e 1º nivel de Educación Primaria** realizou uns deseños e manualidades sobre a obra do Quixote que servirían para ambientar o espazo da cafetería. Neste mesmo lugar, o resto do **alumnado do centro, a Comunidade Educativa e representantes do Concello**, fixeron unha **lectura continuada** da obra de Cervantes durante tres días consecutivos e nas distintas linguas presentes no CPI: castelán, galego, inglés, francés e portugués. Esta iniciativa formaba parte dun **Proxecto Educativo Multidisciplinar** presentado polo persoal responsable da cafetería (**Mariel e Javier**), como parte do currículo do presente curso escolar, tendo como colofón a realización dun mural conmemorativo do 400 aniversario a cargo do artista valdoviñés de adopción, **Don Manuel Carballeira**, quen tamén interaccionou co alumnado mentres pintaba a súa personalísima visión de Cervantes e D. Quixote en Valdoviño.



**Dende e E.D.L.G. agradecemos a Mario Caneiro e a Manuel Carballeira a súa participación.**